


segundo
ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Edicións do Castro / ensaio

Madia leva a vila que ten a sorte de ser chamada cun nome tan belido como o de «Camariñas», que lembra a herba amiga das pedras, o cotarelo brando, a terra que agarda a laboura, os cabáns xeitosos dos mariñeiros, e que ten a zunidá do mar, a tecer encaixes de escumas. Chéganse con él o brando recendo de aquel verso namorado de Fermín Bouza á camariña «dun virxe caramiñal». Nome nacido prás máis belidas rendas. Fanlle o cortexo eses outros con que as palilleiras conocen todos e cada un dos dibuxos que trenzan os fíos movidos polas súas mans lizgairas: «estrela», «rodopío», «rosa», «aderezo».

Tense dito que nestas ribeiras «cada casa é un taller e cada muller unha obreira». Traballadoras teimosas e sabidoras, que saben infindos xogos de liñas. Mester lírico, o dos encaixes, que son como vellas «cantigas de amigo», «chansons a repetition», ou como «tientos» barrocos. Téñolle ouvido a Castelao que as variacións e as fugas de J. S. Bach eran como encaixes de bolillos.

As rendas que levan o alcuño de Camariñas son, cos barros dos oleios, cas louzas de Sargadelos e os grabados de Santiago, o que dá a testemuña da terra lonxana nos fogares dos galegos na diáspora, e o que asinala eiquí o apego ás cousas de nós e aos mesteres antergos.

Eu quixera evocar ás rendeiras dos tempos de antano, sentadas á porta das casas, a palillar cantando, soñando, latricando... E as «palilladas» de entón, niños da nosa poesía falada, como os «fiadeiros» as «de-lubas» e as «esfolladas». E contarvos das conversas cas mulleres que andan, de lugar en lugar, a vender

as obras feitucas das súas mans: «Señorita, léveme ésta, que non sabe ben os días de traballo que me levóu...». Tal como maxinan os nomes dos dibuxos terán sabido tamén poñer alcumes aos pobos onde pousaban cas súas marchandías, herdeiras e rivales das «puntas de Flandes» ou das rendas de Eirín, desde o tempos en que estes portos eran desenhados para o comercio cos pobos do Norte.

Pra facer o alaud de Camariñas temos moito onde escolmar. Eu preferiría aquela copra tan vella que pondera a súa valía:

*Camariñas, Camariñas
El-Rei te quixo vender;
O que merque Camariñas
moito diñeiro ha de ter!*

Ou mellor, unha cantiga de amores, onde acougue a saudade que levaron no peito Rosalía e Antonio Machado:

*«Palillera garridiña,
dame un alfiler de prata,
para arrincar unha espiña
do corazón, que me mata».*

«Faro de Vigo», 9-VII-1978